



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEONS MEDIOAMBIENTAIS.

ANTECEDENTES:

O Concello de Rois necesita contratar persoal para a realización de tarefas de saneamento de augas residuais, limpeza fosas sépticas, desbroces e limpeza viarias e doutras infraestruturas de uso público, materias todas elas que aparecen recollidas no artigo 26 da LBRL, como servizos obrigatorios das corporacións locais.

A necesidade destas contratacións queda acreditada, por non contar actualmente con persoal suficiente para realizar estas tarefas, no orzamento xeral do Concello para o ano 2021, existindo dotación orzamentaria e quedando contidas como vacantes na plantilla de persoal deste exercicio.

No artigo 19 catro da Lei de presupostos 11/2020, de 30 de decembro de presupostos xerais do estado para o ano 2021 recollese que a contratación de persoal laboral temporal teña por finalidade "cubrir necesidades urxentes e inaprazables" sendo as labores arriba indicadas consideradas esenciais para que o servizo medioambiental funcione de conformidade cun estándar mínimo de calidade. Así o Tribunal Constitucional na sentenza 185/1995, do 14 de decembro, define como servizo esencial o que obxectivamente sexa indispensable para satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social dos cidadáns consonte as circunstancias sociais de cada momento e lugar, ou cando a renuncia a estes bens, servizos ou actividades priva ao particular de aspectos esenciais da súa vida privada ou social. No municipio de Rois a xestión destes servizos básicos e necesarios é asumida pola brigada municipal.

Por todo o exposto **DECRETO:**

Primeiro.- Efectuar a convocatoria para contratar de dous peóns para a brigada medioambiental.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero